



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE 2015, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVEZA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día cinco de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201400000001417 de dona Elena Teresa Conde Martínez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Lestedo-Boqueixón, solicita licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Neira de Abaixo-San Mamede de Ribadulla (expediente núm.: 2014/U008/000019), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais”, segundo o vixente PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: planta baixa, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m., e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Javier Rodolfo Lafuente, cun orzamento de 37.271,69 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001201800NH43D.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construírse de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a



cor a utilizar na fachada harmonizará con entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

En cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2002 deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (28 m²).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setecentos corenta e cinco euros con corenta e tres céntimos (#745,43#)

2.2.- Instancia núm. 201400000001219 de dona María Teresa Presas Valdés.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 230 m² en planta, consistente en repoñer a tella deteriorada, situada en Buxeiros de Abaixo nº 6, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural de finca singular (N-3).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50600164.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.

En cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e de acordo co artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento setenta e dous euros con corenta e un céntimos (#172,41#).

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración responsable para pór en funcionamento un establecemento dedicado a furancho en San Miguel de Sarandón.

3.1.- Instancia número 13635, do 23 de decembro de 2014 de Manuel López Carreira.



Dáse conta da declaración responsable, presentada por don Manuel López Carreira para pór en funcionamento un establecemento dedicado a furancho no número 1 do lugar de Ximonde (San Miguel de Sarandón-Vedra).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da declaración responsable presentada xunto coa documentación que a acompaña. Así mesmo que:

1º.- O período de apertura do furancho será dende o 1 de xaneiro ao 1 de abril de 2015.

2º.- As tapas que se sirvan escolleranse das que sinala o Anexo I do decreto 215/2012, do 31 de outubro.

3º.- Procederase á inscrición do establecemento no rexistro municipal creado a tal fin e darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Deberá comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguintes documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño e memoria da cantidade de viño da que se dispón para a tempada.
- Análise do viño da nova tempada.

4º.- Acordo, se procede, sobre tramitación expediente para ampliación de cemiterio de Santa Cruz de Ribadulla.

Dáse conta do expediente tramitado a instancias da Asociación de Veciños de Santa Cruz de Ribadulla, para ampliación do cemiterio de Santa Cruz de Ribadulla, emprazado no lugar de Agrelo (Santa Cruz de Ribadulla), neste termo municipal, nos termos do proxecto técnico redactado por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto.

Dáse conta, así mesmo, da exposición ao público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 13 de xaneiro de 2015, durante o que non se presentaron alegacións, e do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

5º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía nº 57/2015.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 57/2015, de data doce de febreiro, que di o seguinte:



“Ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2014 publicada no DOG. núm. 7 de 13 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, os concellos de Vedra e Boqueixón están a realizar os trámites de solicitude dun Obradoiro de Emprego, denominado “*Obradoiro de Emprego Boqueixón-Vedra*”. Dito Obradoiro de Emprego terá 2 especialidades: “Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” e “Traballos de carpintería e moble”.

O Obradoiro de Emprego ten un orzamento por importe de 339.627,46 € dos que Boqueixón terá que aportar 30.355,25 €, e o concello de Vedra 42.036,71 € e a Consellería de Traballo e Benestar 267.235,50 €.

En función das competencias que me outorga o artigo 21 da Lei de Bases de Réxime Local e demais de aplicación ao efecto e sen prexuízo de ratificación pola Xunta de Goberno Local,

RESOLVO:

1.- Aprobar o convenio de colaboración dos concellos de Boqueixón e Vedra, como concellos asociados, de solicitude de axuda para a realización dun obradoiro de emprego e aprobar o proxecto e a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar.

2.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar unha subvención por importe de 267.235,50 €, e aprobar o importe do proxecto de Obradoiro de emprego Boqueixón–Vedra por importe 339.627,46 €.

3.- Dispor dos fondos necesarios para a execución do citado proxecto.

4.- Adquirir o compromiso de participar no financiamento da achega municipal correspondente ao concello de Vedra que ascende a 42.036,71 €.

5.- Aprobar o proxecto básico para executar mediante o Obradoiro de Emprego denominado “Rehabilitación estación de ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla” por importe de 42.036,71 €.

6.- Dispoñer das instalacións necesarias para a execución de ditos proxectos.

7.- O concello de Boqueixón asumirá a función de promotor e o concello de Vedra de colaborador. A distribución de funcións realizarase segundo se recolle no convenio de colaboración asinado.

8.- Que atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar no concello de Vedra, non son necesarias autorizacións administrativas.

9.- Facultar ao Sr. Alcalde de Boqueixón para levar a cabo todos os trámites necesarios coa Consellería de Traballo e Benestar para o proxecto que nos compete.

10.- Comunicar este acordo á Consellería de traballo e Benestar.”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada resolución.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



6º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

<i>Número Factura</i>	<i>Data Factura</i>	<i>Importe €</i>	<i>Nome Provedor/Acredor</i>	<i>Descrición</i>
N115/40	27/01/2015	56.100,00	Gonzacar, S.L	Subministro de furgoneta con caixa aberta e grúa para a brigada de obras
15-47	31/01/2015	492,92	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en xaneiro
15-57	31/01/2015	5,00	1Puente Ulla S.L.	Luvas para manexo da retroescavadora subministradas en xaneiro
15-56	31/01/2015	34,37	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a brigada verde subministrada en xaneiro
15-55	31/01/2015	1.071,88	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e materiais para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados en xaneiro
1CSN150100 355789	29/01/2015	401,95	Cide Hcenergia, S.A.	Subministro ao alumeado público de Caldelas meses novembro e decembro/2014
8	30/01/2015	6.241,48	Grupo Acofide, S.C.	Servizo de xestión de instalacións e actividades do polideportivo municipal mes xaneiro (prazo 16/48)
9	30/01/2015	802,53	Grupo Acofide, S.C.	Subministro de 15 step profesional para impartir as actividades deportivas
93192490	05/02/2015	453,51	Siemens Renting, S.A.	Renting da fotocopiadora da planta baixa correspondente ao mes de febreiro
B-048	09/02/2015	31,50	Ferreteria Boel, S.L.	Copias das chaves da casa de cultura de Santa Cruz feitas en febreiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



908	31/01/2015	84,70	Asvetrans, S. Coop. Galega	Servizos prestados dende Serrabal ata San Xián en xaneiro (materiais acondicionamento do aparcadoiro do campo da festa)
15-00071	31/01/2015	115,50	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de colectores no punto limpo importe mínimo mes xaneiro
15-00066	31/01/2015	743,77	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Xestión dos colectores de pneumáticos, plástico e colchóns do punto limpo realizada en xaneiro
1500884	02/01/2015	231,44	Proel Ascensores, S.L.	Servizos de conservación e mantemento do elevador do CPI de Vedra período 1T/2015
2015026	02/02/2015	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública mes xaneiro
99000127	05/02/2015	43,40	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas na máquina da planta baixa mes xaneiro
55	05/02/2015	112,50	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Subministro de 18 sacos de sal para utilizar por Protección Civil nas vías públicas por perigo de xeo
6	06/02/2015	21,00	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Produtos para atencións protocolarias do stand de Vedra na festa da camelia celebrada na Rocha en Santiago
29	10/01/2015	272,25	Fernández Neira David	Organización do espectáculo Cabalgata de Reis
GC000012	31/01/2015	750,00	Maeve McLoughlin	Impartición clases extraescolares de inglés no CEIP de Santa Cruz durante o mes de xaneiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



35	10/02/2015	139,15	Dixitalcor 2011, S.L.	Cartel anunciador de obra particular para o departamento de urbanismo subministrado en febreiro a repercutirle ao promotor da obra
4001487267	31/01/2015	543,00	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e reparto de publicidade directa local prestados no mes de xaneiro
9258	04/02/2015	10,45	Mercamella, S.L.	Produtos para a ludoteca municipal adquiridos en febreiro
9259-1455-0762	04/02/2014	31,53	Mercamella, S.L.	Produtos para o servizo de madrugadores mercados en febreiro
M2/2015	09/02/2015	250,00	Couto Rendo Rocío	Impartición clases de reforzo do programa de <i>Educación de Adultos</i> mes xaneiro
60	09/02/2015	68,06	Maderas C. Lata S.L.	Materiais para acondicionamento da ruta BTT subministrados en febreiro
021//15	31/01/2015	694,53	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Repuestos para a maquinaria da brigada verde e da rozadora de brazo subministrados en xaneiro
5932	12/02/2015	5,90	Mª de los Angeles Cutrín Ares - Librería Lino	Material de oficina para o programa UP+: emprendemento e dinamización de negocios/empresas locais mercado en febreiro
5933	12/02/2015	3,40	Mª de los Angeles Cutrín Ares - Librería Lino	Material de oficina para o programa UP+: emprendemento e dinamización de negocios/empresas locais mercado en febreiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



0040/E15	30/01/2015	154,50	Talleres San Fins S.L.	Subministro e instalación de batería do tractor J. Deere E-2564-BDT en xaneiro
0041/E15	30/01/2015	380,22	Talleres San Fins S.L.	Revisión e ITV do vehículo Nissan 3663HNG de protección civil realizadas en xaneiro
0042/E15	30/01/2015	328,58	Talleres San Fins S.L.	Reparacións do tractor Lamborghini E9223BBB realizadas en xaneiro
0043/E15	30/01/2015	451,13	Talleres San Fins S.L.	Reparacións da rozadora avanzada realizadas durante o mes de xaneiro
4320140401341	11/01/2015	999,77	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello no 4T/2014 (contador do Pico Sacro)
4320140401532	11/01/2015	185,64	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello no 4T/2014 (contador marxe dereita EN-525)
4320140401533	11/01/2015	27,21	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello no 4T/2014 (contador marxe esquerda EN-525)
A/23/15	27/01/2015	320,00	A.N. de Agrupaciones de Voluntarios de Protección Civil	Recibo do seguro anual dos membros da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vedra (13/02/2015-12/02/2016)
14FR00116831	14/10/2014	51,44	Securitas Direct España, S.A.	Regularización da cota de mantemento da alarma da oficina de turismo no período 3T/2014 (fra. correspondente á cota de xullo, por baixa do servizo neste mes)
A/26	31/01/2015	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial mes xaneiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



15A000136	09/02/2015	3.224,43	J.J. Chicolino, S.L.U.	Rede de protección para o campo de fútbol de San Mamede subministrada en febreiro
15/000012	31/01/2015	23,22	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para mantemento do CPI de Vedra subministrados en xaneiro
15/000013	31/01/2015	77,62	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais e repostos para mantemento da maquinaria da brigada de obras subministrados en xaneiro
15/000014	31/01/2015	429,40	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para as obras realizadas na fonte de Corbeixe subministrados en xaneiro
15013	09/02/2015	363,00	Quatroprint, S.L.	Impresión de carteis para as oitavas xornadas do <i>Laboratorio Audiovisual de Vedra</i> ano 2015 (<i>Lav015</i>)
15027	16/02/2015	790,86	Persianas Metálicas, S.C. - Persigal	Subministro e instalación de persiana de seguridade no local social de Trobe
Y83188	13/02/2015	105,37	Staples Productos de Oficina, S.L.U.	Material de oficina subministrado en febreiro
G/003	29/01/2015	1.666,41	Regueiro Cerviño Gonzalo (Galitiming)	Traballos realizados para a organización da <i>Ruta BTT e do Trail da Camelia 2015</i>
3	18/02/2015	309,12	De la Torre Lobato Jose Manuel	Acondicionamento e limpeza das parcelas 821 e 2017 (masas comúns) situadas en Fornelos-Vedra
10	16/02/2015	2.147,62	Grupo Acofide, S.C.	Subministro de materiais e trofeos para a <i>V Ruta BTT e Trail da Camelia 2015</i>
1	18/02/2015	140,00	Iglesias Cereijo Daniel	Servizo de camareiro para a realización da <i>ruta BTT da Camelia 2015</i>



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Y85478	17/02/2015	329,12	Staples Productos de Oficina, S.L.U.	Material de oficina (arquivadores) subministrados en febreiro
CI0762696622	15/02/2015	1.494,40	Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía fixa e móbil período 15/01/2015 a 14/02/2015
A15/67	19/02/2015	154,88	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Subministro de lona para a actividade <i>Entroido Municipal 2015</i>
1500001	11/02/2015	221,43	Rodríguez Feijoo Mario-Cerámica da Ulla	Detalles para atencións protocolarias subministrados en novembro e decembro de 2014
Recibo	19/02/2015	520,00	Acredores diversos	Importe total dos premios en metálico do concurso de disfraces do <i>Entroido Municipal 2015</i>
RECIBO	14/02/2015	300,00	Acredores diversos	Importe da actuación musical do grupo Menfis na actividade <i>Entroido Municipal 2015</i>
20150101	01/01/2015	26,56	DTS, SA (Digital +)	Subscripción a Canal + para a casa da Terceira Idade mes xaneiro
20150201	01/02/2015	26,56	DTS, SA (Digital +)	Subscripción a Canal + para a casa da Terceira Idade mes febreiro
1010	11/02/2015	2.314,80	Auloce, S.A.U. (Espublico)	Renovación para 2015 da subscripción a <i>esPúblico</i> (plataforma editorial e de servizos on line para a Administración Local)
35 1793	18/02/2015	600,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da gardería municipal subministrado en febreiro
35 1826	19/02/2015	1.139,60	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en febreiro na nave de Trobe



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



04550000011 5FAC	01/02/2015	6.199,71	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio para a dependencia no mes de xaneiro (horas ordinarias e festivas)
04550000021 5FAC	01/02/2015	3.267,29	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio durante o mes de xaneiro (horas de libre concorrencia)
500701	20/02/2015	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2014 a marzo/2015, mes febreiro
		382,50	Martínez Carrillo, Carlos	Quilometraxe por asistencia a Fitur (Madrid) e outros
Liquidación		27,00	Pereiras Caldelas Mercedes	Quilometraxe por asistencia ás sesións do Pleno da Corporación celebradas de xullo a febreiro
Liquidación		79,55	Vilas Giadanes M ^a Cruz	Quilometraxe por xestións realizadas durante os meses de xaneiro e febreiro (Obradoiro de Emprego e outros)
Liquidación		18,00	Chas Bao José Ramón	Quilometraxe realizado en febreiro para traslado provisional de arquivo municipal á casa de cultura de Santa Cruz
Liquidación		45,15	Sabio Sanz Carmen A.	Quilometraxe realizado en xaneiro para desenvolvemento do programa de Educación Familiar
		90,75	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xaneiro
		161,50	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xaneiro
		74,75	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xaneiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	111,25	Iglesias Parada Carmen	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xaneiro
	124,75	Vilariño Rodríguez M ^a Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xaneiro
	136	Munín Castelao, José Ignacio	Quilometraxe dos meses de xaneiro e febreiro

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

7º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social

7.1.- Escrito núm. 226/15 de don Jorge García López.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e mantemento de vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de cincocentos oitenta euros (#580,00#) para a cobertura de necesidades básicas e máis catrocentos sesenta euros (#460,00#) para gastos de alugamento da vivenda.

7.2.- Escrito núm. 113/15 de don Jorge Arnau Torres.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e alugamento de vivenda e subministración eléctrica.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de seiscentos euros (#600,00#) para a cobertura de necesidades básicas e alugamento de vivenda e máis douscentos cincuenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (#254,64#) para subministro de electricidade.

8º.- Outros asuntos

8.1.- Modificación acordo de aprobación do Plan PAI 2015.

Á vista das notificacións remitidas pola Deputación Provincial a través da Plataforma Subtel sobre deficiencias detectadas nos proxectos incluídos no Plan PAI 2015.

A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno da Corporación, acorda:

Modificar o punto 1º B (Investimentos financeiramente sostíbeis) do acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 21 de xaneiro do ano que andamos, quedando redactado do seguinte xeito:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Arranxos en Ponte Ulla, San Pedro de Vilanova e outros	32.021,41	0	32.021,41
Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla	59.735,03	6.847,43	52.887,60
TOTAL	91.756,44	6.847,43	84.909,01



Aprobar os proxectos técnicos corrixidos.

8.2.- Aceptación de propiedade, a título gratuito, de ben inmovible.

Vista a comunicación núm. 239/15 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se transmite a propiedade do seguinte ben inmovible, mediante adxudicación directa, a título gratuito: Parcela 1069 do polígono 507 da zona de concentración parcelaria de San Mamede e Santa Cruz de Ribadulla, cunha extensión superficial de setenta e oito áreas e trinta e unha centiáreas. Limita norte con camiño, sur con Alfonso Armada y Comyn (1070) e terreo de dominio público polo que ten acceso á estrada 8902 de Ponte Sarandón a Santa Cruz, leste con camiño e Alfonso Armada y Comyn (1070) regato no medio en parte, e oeste con camiño. Na parcela localízanse tres pontes de madeira, farolas, peche con muro de cachotería, aparatos de ximnasia de parque biosaudable e bancos.

Referencia catastral 15090A507110690000AY.

O citado ben figura inscrito no Rexistro da Propiedade de Santiago 1 no Tomo 1736, libro 168, folio 101, inscrición 1. IDUFIR: 15022001169724.

En función do establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión da propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuito do ben inmovible con referencias catastral 15090A507110690000AY, sito en Santa Cruz de Ribadulla para destinalo a zona de lecer e campo da festa.

SEGUNDO.- Aceptar as demais condicións da cesión.

8.3.- Concesión de axuda á Asociación Cultural Amigos da Camelia.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de tres mil (#3.000,00#) euros á Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla, para sufragar os gastos derivados da organización das XX Xornadas arredor da Camelia, celebradas o día 22 de febreiro en Santa Cruz de Ribadulla.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.